

BASES

VII Concurso Karaoke

SOUTOMAIOR 2018

O Concello de Soutomaior convoca esta sétima edición do concurso de Karaoke coa finalidade de favorecer a participación dos veciños e veciñas en actividades de índole artística, musical, de lecer e entretemento.

PARTICIPANTES:

Poderán participar todas as persoas empadroadas no municipio a partir dos 5 anos, que se inscriban previamente no concurso.

Tamén poderán participar persoas non empadroadas no Concello de Soutomaior sempre e cando as prazas non se cubran coas inscricións dos/as empadroados. Si unha persoa empadroada participa cunha non empadroada entenderase a parella ou grupo como empadroado/a.

O número de participantes será limitado, **participarán as 30 primeiras inscricións** e , a partir de aí abrirase unha lista de agarda por si hai algunha vacante e pode participar alguén máis.

Para manter a igualdade entre as persoas inscritas, non poderán traer material adicional de son como micrófonos ou outros aparatos electrónicos de calquera índole. Non se permitirá a participación con instrumentos musicais que emitan sons; a persoas/as necesariamente deberán apoiarse nunha pista de Karaoke. Non poderán participar máis dunha vez nesta edición do concurso. *Si se poderán traer elementos ou complementos que axuden a mellorar o atrezo e a posta en escena para a performance e caracterización. Nas categorías parella ou grupo todas as persoas que se vaian a subir ao escenario terán que estar inscritas canten ou non porque si acompañan bailando ou figuran en escena dalgún xeito teranse en conta a efectos de participación.*

En caso de que un/unha dos/as participantes ou representante dun grupo non este presente no momento da entrega de premios, será descalificado/a.

A cada participante asignaráselle un número de orden para a presentación segundo criterios establecidos polo Concello para unha mellor organización.

INSCRICIÓN:

As persoas que desexen participar deberán cubrir previamente unha ficha de inscrición na que figurarán: datos persoais das persoas que se inscriben, categoría e canción escollida.

O listado de temas ou cancións preparados para o concurso estará a disposición dos veciños e veciñas na OMIX e na web municipal www.soutomaior.com Si o tema escollido non está na lista poderán traer cando se inscriban o tema escollido nun soporte PEN ou CD e, deberá estar en formato karaoke. *A confirmación da posibilidade de actuar con ese tema comunicaráse á persoa con suficiente antelación para que poidan escoller outro tema. Non se poderán escoller temas que xa se escolleran en edicións anteriores.*

Na ficha de inscrición especificarase tamén si se quere **ensaia o tema previamente** e escollerase un día e hora, entre as posibles opcións de ensaio ofrecidas.

O prazo de inscrición remata o 28 de xuño de 2018 (ou ata cubrir prazas).

DATA, LUGAR E HORA:

O VII Concurso de KARAOKE terá lugar o **SÁBADO 7 DE XULLO de 2018 ás 22,30 h** no Multiusos (Arcade) no auditorio exterior (en caso de choiva realizarase dentro)

CATEGORÍAS E PREMIOS:

Establécense catro categorías xerais:

- infantil
- adolescente
- xuvenil /adultos
- grupal (de 5 anos en diante).

CATEGORÍA DE 5 A 11 ANOS - INFANTIL **INDIVIDUAL**

30 € / MELLOR VOZ

30 € / MELLOR INTERPRETACIÓN E CARACTERIZACIÓN

PARELLA

60 € / MELLOR VOZ

60 € / MELLOR INTERPRETACIÓN E CARACTERIZACIÓN

CATEGORÍA DE 12 A 17 ANOS - ADOLESCENTE **INDIVIDUAL**

45 € / MELLOR VOZ

45 € / MELLOR INTERPRETACIÓN E CARACTERIZACIÓN

PARELLA

90 € / MELLOR VOZ

90 € / MELLOR INTERPRETACIÓN E CARACTERIZACIÓN

CATEGORÍA XUVENIL – ADULTOS (a partir de 18 anos)

INDIVIDUAL

60 € / MELLOR VOZ

60 € / MELLOR INTERPRETACIÓN E CARACTERIZACIÓN

PARELLA

120 € / MELLOR VOZ

120 € / MELLOR INTERPRETACIÓN E CARACTERIZACIÓN

CATEGORÍA GRUPAL (integrantes de todas as idades a partir dos 5 anos + de 2 persoas)

120 € / MELLOR VOZ

120 € / MELLOR INTERPRETACIÓN E CARACTERIZACIÓN

PERSONAS PREMIADAS. Condicións a ter en conta:

- Os premios non se darán en metálico senón en formato **vale – agasallo que se trocará** en calquera establecemento comercial situado dentro do termo municipal do Concello de Soutomaior, **ata o 30 de xullo de 2018 previa autorización da OMIX.**
- *As persoas que se presenten en parella recibirán, cada membro, un cheque polo importe coa metade do premio correspondente nesa categoría.*
- *As persoas que se presenten en grupo nomearán a un titular do grupo e o cheque irá ao seu nome.*
- Cando a persoa teña decidido onde vai a realizar o troco do vale deberá **comunicalo na OMIX para que a persoa responsable autorice ese gasto e se poña en contacto co establecemento** para comunicarlle os datos da persoa premiada xunto co importe do gasto. Este gasto deberá ser exactamente igual que o importe do premio.
- Presentarán no establecemento o vale e unha copia do DNI.

ESTABLECEMENTOS QUE ADMITAN O VALE.

Condicións a ter en conta:

- O **establecemento comercial** no que a persoa beneficiaria decida gastar o seu premio **deberá solicitar antes de facer o cambio o DNI da persoa para comprobar a autorización do gasto.**
- **As facturas presentadas** que xustifiquen o gasto irán a nome da persoa premiada e presentaranse no Concello, o cal fará directamente o pago ao provedor. Na factura deberán de figurar os seguintes datos: NOME DA PERSOA PREMIADA; NIF; NÚMERO DA FACTURA; ACTIVIDADE CONCURSO DE

KARAOKE; CONCEPTO DO GASTO; IMPORTE TOTAL.

- **Documentación a presentar xunto coa factura:** vale e a fotocopia do DNI da persoa premiada.

O XURADO

O xurado estará composto por varias persoas seleccionadas pola organización con suficiente representación municipal e coa capacidade suficiente para valorar os criterios de valoración para adxudicar os premios.

O xurado valorará en todas as actuacións de 1 a 10 puntos:

a **calidade na interpretación:** xesticulación, linguaxe corporal,... e a posta en escena en xeral (desprazamento, animación do público, puntualidade e cumprimento das normas, capacidade de improvisación, etc.,...)

a **voz:** matiz, claridade, volume, timbre, énfase, dicción, entoación e vocalización,

a **acollida do público** e a súa capacidade de motivalo e implicalo durante a actuación.

a **indumentaria** elixida en relación ao tema a interpretar, a **personalidade:** presentación, seguridade, efecto no público, o entusiasmo participativo, a creatividade e orixinalidade, o reto e dificultade da canción,...

a **participación** no concurso. O esforzo e iniciativa tamén se valorarán porque o concurso ten como finalidade promover a participación e a iniciativa. O concurso persegue motivar á mocidade e, público en xeral, para que se involucren nos proxectos da Concellería. Queremos promover valores como: a participación, expoñerse e actuar ante un público, ter iniciativa, creatividade e habilidades comunicativas poñendo en valor a toma de decisións e o empoderamento como un valor en positivo.

O xurado minutos antes do concurso ademais do aquí exposto, poderá acordar por unanimidade ter en conta outros aspectos a puntuar e decidirá como puntualos.

O xurado terá en conta que a mesma persoa non poderá recibir máis dun premio.

Os premios, poderán quedar desertos en casos excepcionais, cando o xurado considere que a persoa non amosou motivación, implicación, esforzo, nin interese. Para realizar esta valoración teranse en conta os obxectivos do concurso e o seu carácter non profesional.

Todo o non contemplado neste regulamento queda a xuízo da organización e poderase modificar si se considera necesario para o bo funcionamento do concurso.

Unha vez rematada a actuación o xurado levantará acta e anunciará quenes son as persoas gañadoras do concurso. Acto seguido farase entrega dos premios. A decisión do xurado será pública e inapelable.

Todas as persoas interesadas en neste concurso poden enviar as súas dúbidas ou peticións ao correo da OMIX (omix@soutomaior.com)

A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA QUE A PERSOA ACEPTA INTEGRAMENTE ESTAS BASES.